

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS E A ENTIDADE "CLUB TENIS CUATRO VIENTOS" PARA ESTABLECER AS CONDICIÓN E COMPROMISOS APLICABLES Á SUBVENCIÓN PREVISTA CON CARÁCTER NOMINATIVO NO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2016

Monforte de Lemos, 10 de outubro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte **D. José Tomé Roca**, Alcalde- Presidente do Concello de Monforte de Lemos (Lugo) exceptuado de sinalar as súas circunstancias persoais por razón do cargo que ocupa, actuando en nome e representación do mesmo.

E doutra, D./D^a. **Ramón Díaz Pérez** con DNI. 34246347Z en representación da Entidade/Asociación **CLUB TENIS CUATRO VIENTOS** con CIF. G- 27265388 actuando en nome e representación da mesma.

MANIFESTAN

- I. Que a Entidade/Asociación **CLUB TENIS CUATRO VIENTOS** esta dedicada á promoción do deporte e da práctica deportiva.
- II. Que o Concello considera que o labor que realiza a Asociación constitúe unha manifestación cultural e unha actividade de interese xeral que cumpre unha función social como factor que mellora a saúde, aumenta a calidade de vida e o benestar social e contribúe á formación e desenvolvemento integral da persoa.
- III. É de interese público, o cal supón unha promoción do deporte e da práctica deportiva.
- IV. Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, posibilitan nos seus artigos 25 e 80 respectivamente, as funcións de promoción e estímulo de actividades de interese local, recoñecendo como competencias propias dos concellos as de promoción do deporte.
- V. As axudas económicas e as subvencións forman parte da actividade de fomento da que a Administración Local pode facer uso co fin de promover e apoiar actividades de interese público que contribúan á satisfacción de necesidades ou intereses propios da comunidade veciñal local. É en definitiva, unha medida de carácter económico tendente a que sexan os propios cidadáns da comunidade local, de xeito individual ou asociado, os que libremente colaboren co cumprimento de fins colectivos convenientes ou desexables e non dispoñan de recursos suficientes para levar a cabo a actividade de que se trate.
- VI. Que nas Bases de execución do orzamento para o **exercicio 2016** consta a seguinte subvención nominativa:

Aplicación orzamentaria	Entidade beneficiaria	Importe
341/480/00	CLUB TENIS CUATRO VIENTOS	300,00.-€

- VII. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de FORMA DIRECTA as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recollidos nos CONVENIOS e na normativa reguladora destas Subvencións, e no artigo 28, establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas SUBVENCIÓNS. En termos similares pronúnciase a base 31^a das de execución do orzamento municipal.
- VIII. Que o Rd. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións, no seu artigo 66, prevé que nestes supostos o acto de concesión ou convenio terán o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do establecido na LXS, e determina o contido do mesmo.

Así pois, de conformidade co establecido nas citadas disposicións, ambas as partes acordan subscribir o presente **CONVENIO DE COLABORACIÓN**, o cal se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

1. OBXECTO DO CONVENIO.

O presente convenio formalízase co obxecto de sufragar, en parte, os gastos de participación en competicións oficiais e o desenvolvemento de actividades deportivas na tempada 2015/2016.-

- *Federativos (licencias federativas, canons federativos, inscricións en competicións...).*
- *Gastos de arbitraje.*
- *Gastos de desprazamentos para a participación en competicións deportivas e eventos deportivos (quedan excluídos os gastos de combustible cando o vehículo non estea matriculado a nome do Club Deportivo)*
- *Gastos de mutualidades de seguros.*
- *Gastos de material deportivo de carácter funxible (material didáctico deportivo ou pequeno material).*
- *Gastos de material deportivo inventariable.*
- *Gastos de equipamento e vestimenta deportiva.*
- *Gastos pola utilización de instalacións deportivas.*

2. CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A contía da subvención ascende a **300,00 euros**, que é o importe total do crédito orzamentario autorizado. O devandito crédito é un crédito do capítulo 4 "Transferencias correntes" do programa 341, polo que non poderán aplicarse os fondos a gastos de distinta natureza e finalidade á que é propia dos gastos imputables ao devandito crédito.

3. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS.

As subvencións serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencións ou axudas, sempre e cando o importe da subvención concedida non sexa en ningún caso de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

4. OBRIGAS XERAIS DA ENTIDADE/ASOCIACIÓN BENEFICIARIA.

A entidade beneficiaria comprométese a:

- A. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- B. Xustificar ante o órgano que concede a subvención o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce de dita subvención.
- C. Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano que concede a subvención, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- D. Comunicar ao órgano que concede a subvención ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- E. Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente, e sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo oitava da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O Concello comprobará de oficio que a Asociación non ten débedas pendentes coa facenda local.

- F. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- G. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- H. Manter coordinación permanente coa Área de Deportes do Concello de Monforte de Lemos.
- I. Se se realizasen actividades de difusión do proxecto, en calquera soporte, deberá deixarse constancia da existencia de financiamento do Concello de Monforte de Lemos.

Así mesmo a entidade responsabilízase de:

- Realizar as actividades que fundamentan o presente convenio.
- Contar cos medios persoais e materiais adecuados para o cumprimento dos fins citados.
- Velar polo cumprimento dos dereitos e obrigas que as leis lles confiran ós beneficiarios do proxecto, debendo realizar unha evolución do proxecto e da actividade.

5. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

De acordo co artigo 30 da LXS, a rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender:

- a) Instancia subscrita polo Presidente da Asociación na que solicite o pago da subvención no número de conta corrente indicado para tal efecto. Anexo – I
- b) Memoria detallada das actividades realizadas durante a tempada segundo o modelo de memoria Anexo I
- c) Balance económico da actividade deportiva realizada durante a tempada 2015/2016 segundo modelo Anexo II.
- d) Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto subvencionado coas seguintes especificidades:
 - Xustificación do gasto subvencionado mediante a presentación de facturas orixinais por importe igual ou superior á subvención concedida, e acreditación do pago das mesmas. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas.
 - Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado da factura orixinal. Posteriormente incorporará ó expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.
- e) Relación de xustificantes de gasto que se presentan, segundo modelo Anexo III
- f) Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Facenda estatal e autonómica, así como coa Seguridade Social. O Concello comprobará de oficio que a Asociación se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa facenda local.
- g) Declaración de outras axudas públicas solicitadas ou concedidas para financiar as actividades polas que se solicita a presente subvención, segundo modelo anexo IV.
- h) De ser o caso, un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello de Monforte de Lemos.
- i) Certificación bancaria do número de conta da entidade.
- j) O prazo para presentar a documentación xustificativa será ata o día 30.11.2016.

6. GASTOS SUBVENCIONABLES.

- 1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo establecido no presente convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.
- 2. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado no presente convenio.

7. FORMA DE PAGO. DA RETENCIÓN DE PAGOS E DO REINTEGRO DA SUBVENCIÓN.

O pago total do importe da subvención se realizará previa xustificación, pola entidade beneficiaria da realización das actividades nos termos establecidos neste Convenio e na LXS.

Para a retención de pagos e do reintegro da subvención estarase ao disposto nos artigos 35 a 43 da LXS.

8. ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA.

O presente convenio entrará en vigor unha vez aprobado polo órgano municipal competente e subscrito polas partes, mantendo a súa vixencia durante o exercicio 2016.

En todo o non contemplado neste convenio estarase ao disposto na LXS e restante normativa de aplicación.

9. SOMETEMENTO A CONTROL MUNICIPAL.

Para a supervisión e control do presente convenio, poderá constituírse unha Comisión, cuxo funcionamento rexerase polo establecido nos artigos 22 a 27 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que deberá reunirse obrigatoriamente cando dispoña o Concelleiro Delegado de Deportes (Alcalde) e estará composta, no seu caso, da seguinte forma:

- O Concelleiro Delegado de Deportes (Alcalde).
- O Técnico de Deportes.
- Un representante do Club Deportivo.

O presidente da Comisión poderá convocar aos seus membros, cando o estime oportuno, comunicándoo por escrito a lo menos con 15 días de antelación.

Sen prexuízo do anterior, o Concello de Monforte de Lemos e por medio da Intervención Xeral, ten a potestade irrenunciable de efectuar o control da aplicación das subvencións e axudas económicas de calquera tipo que se outorguen, para comprobar fehacemente que se invisten nos fins para os que se outorgou, todo elo en cumprimento do artigo 189 e 214 do Rd. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das facendas locais.

E estando ámbalas dúas partes de acordo co contido deste documento, en proba de conformidade pasan a asinalo por duplicado, quedando un exemplar en poder de cada unhas das asinantes, no lugar e data arriba indicado.

O ALCALDE,

Asdo. José Tomé Roca

A REPRESENTACIÓN DA ASOCIACIÓN,

Asdo. Ramón Díaz Pérez